

EL PARLAMENTO CATALÁN APOIA A CAMPAÑA INTERNACIONAL PARA O DEREITO HUMANO A LA PAZ

A resolución foi aprobada por consenso e unanimidade de todas as forzas políticas representadas na Comisión de Cooperación e Solidariedade do Parlamento de Cataluña.

O pasado 26 de febreiro 2009 a Comisión de Cooperación e Solidariedade do Parlamento de Cataluña aprobou por consenso e unanimidade de todas as forzas políticas representadas no arco parlamentario, unha resolución de apoio ao proceso de codificación do dereito humano a paz.

Este apoio é histórico ao ser a primeira instancia parlamentaria do mundo en apoiar a Campaña Internacional para o Dereito Humano a Paz, iniciativa promovida pola Asociación Española para el Desarrollo y la Aplicación del Derecho Internacional de los Derechos Humanos (AEDIDH) e UNESCO Etxea, e que conta xa co apoio de máis de 120 organizacións internacionais da sociedade civil. Dentro dun mes a resolución aprobada na Comisión será a súa vez referendada polo Pleno do Parlamento de Cataluña mediante o sistema de Declaración Institucional.

Na parte dispositiva do texto aprobado, a comisión "se adhiere a la Declaración de Luarca e subscribe de maneira íntegral os seus contidos, tanto no referente ao seu Preámbulo e na sua Parte I (Contenido del Derecho Humano a la Paz), como na sua Parte II (Aplicación de la Declaración) e nas Disposicións Finais", manifestando asemade o seu apoio a "Celebración dunha conferencia Internacional de ONG para o ano 2010, que permita acordar un Proxecto do Dereito Humano a Paz, que poida ser elevado aos órganos competentes en dereitos humanos das Nacións Unidas para que inicien o proceso de codificación oficial deste dereito".

Finalmente, a resolución "insta ao Goberno da Generalitat para que tanto na súa actuación exterior como ante o Goberno do Estado continúe apoiando as iniciativas da sociedade civil internacional a favor da codificación privada do Dereito Humano a Paz. Asemade, insta ao goberno da Generalitat que faga coñecer ao Goberno do Estado o seu apoio a codificación oficial deste Dereito por parte dos organismos competentes en Dereitos Humanos das nacións Unidas.

Dende aquí, queremos felicitar aos nosos socios da AEDIDH polo traballo realizado para logra este obxectivo que sen dúbida nos anima a seguir traballando para que a paz sexa recoñecida como un Dereito Humano recoñecible e exisíble.

MÁIS INFORMACIÓN:

[Declaración de Luarca sobre el Derecho Humano a la Paz](#)

[Parlamento Catalán – Derecho Humano a la paz](#)

[Presentación de la Campaña Internacional para el Derecho Humano a la Paz en el Parlamento Vasco](#)

[AEDIDH](#)

